

RD 1217/2024. TÍTULO IX. Capítulo II. Exposición a radon nos lugares de traballo. Artigo 103. Declaración e estudos adicionais (extracto)

1. Cando, a partir das estimacións da media anual da concentración de radon en aire se identifique nun lugar de traballo que as persoas traballadoras poden acceder a zonas onde a media anual da concentración de radon en aire sexa superior a 300 Bq/m^3 , as/os titulares das actividades laborais que alí se desenvolvan deberán:
 - a. Presentar unha declaración sobre esta situación ante o órgano competente da comunidade autónoma en cuxo territorio se sitúe o centro de traballo, así como presentar as comunicacións de cese e cambio de actividade e calquera outra modificación que poida afectar á protección radiolóxica. O órgano competente será determinado por cada comunidade autónoma.
 - b. Levar a cabo medicións de radon nas zonas afectadas, coa periodicidade que o Consello de Seguridade Nuclear estableza mediante instrución.
 - c. Manter informadas ás persoas traballadoras ou ás súas representantes, tanto do resultado da avaliación das medicións, como das actuacións de mitigación ou protección requiridas, no seu caso.
2. Cando no lugar de traballo ningunha zona de permanencia de persoas traballadoras presente unha media anual de concentración de radon superior a 1.000 Bq/m^3 , a declaración deberá facerse nun prazo dun ano natural a partir da data que conste no informe de resultados das medicións. Se durante este prazo se levasen a cabo accións correctoras de tipo construtivo ou mecánico destinadas a reducir a concentración de radon, o prazo de declaración ampliarase un ano adicional a partir da data de finalización das devanditas accións. No caso de que as medidas posteriores ás accións correctoras non superen 300 Bq/m^3 , o titular da actividade laboral quedará exento de efectuar a declaración.
3. Cando nalgunha zona de permanencia de persoas traballadoras a media anual da concentración de radon sexa superior a 1.000 Bq/m^3 , a titular da actividade deberá efectuar a declaración no prazo dun mes a partir da data que conste no informe de resultados das medicións, independentemente de que neste período se teñan iniciado ou non accións correctoras.
4. Antes de presentar a declaración, a titular da actividade laboral deberá encomendar o deseño e implantación de accións correctoras destinadas a reducir a concentración de radon a unha Unidade Técnica de Protección Radiolóxica ou a un Servizo de Protección Radiolóxica autorizados polo Consello de Seguridade Nuclear para prestar servizo de asesoramento técnico en materia de radiación natural. As accións correctoras contemplarán, entre outras, medidas non construtivas para reducir a concentración de radon ou, na súa falta, o control da exposición ou das doses das persoas traballadoras de acordo co principio de optimización.

A Unidade Técnica de Protección Radiolóxica ou o Servizo de Protección Radiolóxica documentará o deseño e implantación desas accións correctoras nun informe, que incluírá a estimación da dose efectiva anual que poden recibir as persoas traballadoras antes e despois da implantación das devanditas accións, e que deberá ser presentado ao Consello de Seguridade Nuclear pola titular da actividade laboral nun prazo non superior a un mes desde a súa data de emisión.

En relación coa execución de solucións construtivas, cando cumpra, o estudo deberá incluír un informe emitido por un profesional competente habilitado para realizar proxectos técnicos relativos á edificación.